

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 2º ED. PRIMARIA

MATERIA:

RELIXIÓN

DEPARTAMENTO:

RELIXIÓN

DATA:

08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	4
4. Información e publicidade	5

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.	2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.
3. Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade	3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
4. Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.	4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso. 4.2. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación. 4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.
1. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia. 1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.
2. Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.	2.1. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos. 2.2. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.
3. Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.	3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.
1. Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	1.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación. 1.2. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.
2. Aprender o significado do tempo de Advento.	2.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera. 2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
3. Identificar o significado profundo do Nadal.	3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.

1. Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	1.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo. 1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.
2. Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.	2.1. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.
3. Tomar conciencia de que o Pai xera a unidade da Igrexa.	3.1. Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo. 3.2. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.
4. Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos.	4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise das producións e traballos do alumnado, é dicir, das tarefas escritas realizadas polo alumnado.
	Instrumentos: Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.
Cualificación final	Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase a media aritmética das cualificacións destas avaliacións, e este resultado poderase incrementar ata dous puntos en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Cada 15 días aproximadamente, e baixo a coordinación da dirección do centro, realizouse unha planificación da materia con envío de actividades de repaso e reforzo dos contidos previamente traballados. As distintas actividades estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para aquel alumnado que teña problemas de conectividade, farase unha coordinación co equipo directivo, para que se lle entreguen as actividades e os recursos necesarios para que poida, na maneira do posible, continuar co desenvolvemento da súa aprendizaxe.

Materiais e recursos	Fichas seleccionadas previamente pola docente.
-----------------------------	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico.
Publicidade	Páxina web do centro.